



Vigo, 26 de setembro de 2010

Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

PROCESO ELECTORAL INTERNO

Compañeiro/a:

O pasado xoves e venres, na nosa condición de afiliados e afiliadas, exercimos o dereito a elixir a aquelas persoas que configurarán a candidatura da C.I.G. para as vindeiras Eleccións Sindicais previstas para o día 29 do mes de Outubro.

Na C.I.G. non é a primeira vez que realizamos esta consulta, nesta ocasión, a Executiva esforzouse para poñer tódolos medios organizativos que garantisen a maior participación dende un exercicio transparente por parte de cada persoa que configura esta organización.

<i>Participamos.....</i>	<i>542 votantes</i>
<i>Pola candidatura "A" votaron.....</i>	<i>142 compañeiros/as</i>
<i>Pola candidatura "B" fixérono.....</i>	<i>381 "</i>
<i>Votos en branco.....</i>	<i>14</i>
<i>Votos nulos.....</i>	<i>5</i>

Se ben houbo persoas escépticas, que puideron dudar da limpeza do proceso, estas quedaron en evidencia, e foron desterradas o contar con esta alta participación.

Acercar os procesos electivos os lugares de traballo, é unha recomendación que a C.I.G. ven defendendo, por elo, esta Executiva síntese satisfeita de cumprir con este mandato.

Queda pois a vontade dos afiliados/as manifestada, o sinalar os que deberan asumir a responsabilidade colectiva para estas eleccións sindicais.

Para Executiva o fundamental é o que une, *a implicación e participación*, por elo agradecer a todos e todas, haber contribuído dende o respecto que nos debemos, a que a pluralidade que en todo colectivo humano existe, lográsemos con este exercicio exemplar e sen precedentes na fábrica, *acercar o sindicato a afiliación* logrando que un número tan elevado de persoas elixan os seus candidatos/as.

FOLGA XERAL.

Lembrar que a folga comeza as 22 hras. de mañá martes, polo que invitamos a afiliación a ter unha participación activa.

A gravidade das medidas da Reforma, esíxenos intentar, que esta Folga Xeral sexa un éxito no noso Centro de traballo. Os Delegados/as facilitarán máis información.

Asdo. Executiva da Sec. Sindical